

## Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello do Grove para a execución do proxecto denominado Mantemento dun grupo municipal de atención a emerxencias

### 1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo), que lle atribúe, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

### 2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar coa Deputación Provincial de Pontevedra e co Concello do Grove un convenio para a execución do proxecto denominado Mantemento dun grupo municipal de atención a emerxencias.

O artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante, LALGA) e o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, encoméndanlle ás Deputacións Provinciais a coordinación dos servizos municipais entre si, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos en todo o territorio da provincia. Igualmente atribúelles a prestación de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, particularmente aos que teñen menor capacidade económica e de xestión.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Especificamente, o artigo 80 da LALGA, regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para facer fronte ás súas competencias en materia de protección civil e emerxencias.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou recuperar o funcionamento das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.



Por outra banda, na aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.1 (proxecto 2013 00770, *Fondo Compensación Ambiental. Convenios grupos emerxencias*) existe un saldo de crédito, que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración co Concello do Grove no mantemento dun grupo municipal de atención a emerxencias.

### 3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Deputación Provincial de Pontevedra e co Concello do Grove o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 10 de decembro de 2022.

### 4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello do Grove para a execución do proxecto denominado Mantemento dun grupo municipal de atención a emerxencias.

### 5. Fundamentos do convenio

O Concello do Grove expuxo a necesidade de manter un Grupo municipal de atención a emerxencias propio que responda ás singularidades deste concello.

Así, a situación xeográfica da península do Grove, cun único acceso ao territorio continental, causa que os servizos de emerxencias provenientes de fóra do concello teñan un elevado tempo de resposta para actuacións neste.

Ademais, o Concello do Grove conta con 15 quilómetros de costa e 36 areas aptos para o baño, o que fai que Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias do Grove teña que dar servizo os 365 días do ano durante 24 horas ao día, apoiando incluso ao Centro de Coordinación de Salvamento Marítimo de Fisterra e prestando na tempada estival un servizo específico nas praias de bandeira azul, coas que conta o Concello do Grove.

A poboación do concello experimenta un gran crecemento demográfico estacional derivado da súa condición de concello turístico e do seu extenso litoral e do número de praias, de tal xeito que as persoas con residencia temporal, turistas e transeúntes multiplican por cinco o número de veciños da localidade durante os meses de verán e durante a celebración de eventos puntuais, como a Festa do Marisco.

Non podemos esquecer a existencia de importantes empresas do sector conserveiro, de transformación de produtos do mar e dunha relevante actividade industrial do sector primario, como é a pesca e a acuicultura, que constitúen o soporte da súa economía, dan traballo á poboación residente e do seu contorno, e utilizan equipamentos tales como unha importante flota de embarcacións.

Finalmente, cómpre sinalar a enorme riqueza ambiental do Concello do Grove que conta con importantes recursos naturais, marítimos e terrestres, determinantes da inclusión de áreas do seu territorio en regulamentacións protectoras de rango internacional.

Este conxunto de condicións singulares e excepcionais que concorren no Concello do Grove, tanto no que respecta ás súas necesidades de protección dos recursos naturais e ambientais como á dificultade para preservalas cos servizos supramunicipais, debido ao seu emprazamento e distancia das sedes de tales servizos, fan preciso contar cun servizo de emerxencias localizado no propio concello do Grove que permita dar unha resposta axeitada e inmediata en caso de demandas urxentes.



O mantemento dun marco orzamentario estable limita as posibilidades do concello do Grove para afrontar en solitario os compromisos económicos que o mantemento do Grupo municipal de atención a emerxencias, que constitúe o obxecto de subvención, representan para a facenda municipal.

Por outra banda, o artigo 25 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, establece que as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión, terán que estar dirixidas á protección do ambiente, incluídas aquelas que teñan por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias no servizo municipal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello do Grove.

## 6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia segunda Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de CORENTA E UN MIL SEISCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (41.669,67 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.1 (CP 2013 00770) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022. Este importe representa o 23,36% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 178.390,31€.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

## 7. Coherencia co Plan estratéxico de Galicia

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E4, "Cohesión social e territorial"
- Prioridade de actuación PA04, "Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única"
- Obxectivo estratéxico E01, "Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial"
- Obxectivo operativo OO02, "Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe"



Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, conséntase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2013 00770 Fondo Compensación Ambiental. *Convenios grupos emerxencias.*, é o P00076/Entidades beneficiadas, cun valor previsto de 55 entidades.

Estímase que, coa subscripción deste convenio e a realización das actuacións previstas ao seu abeiro, acadarase un valor de realización de 1 entidade beneficiada, que se corresponde co Concello do Grove, único destinatario da subvención instrumentada mediante o convenio que nos ocupa :

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	55	1

Con carácter previo á sinatura do convenio deberán solicitarse os informes preceptivos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso  
(documento asinado dixitalmente na marxe)

